MEMORIA ANUAL 2018

ÍNDICE

"Cando unha lei é inxusta, o correcto é desobedecer"

Mahatma Gandhi

Quen somos — A nosa visión

Construíndo pontes — Actividades e proxectos

Derrubando muros — Denuncia social e sensibilización

En cifras — Contas e financiación

Mboy moe dole — Colaboración e participación

Somos tod@s — Agradecementos

QUEN SOMOS

SOS RACISMO GALICIA é unha organización sen ánimo de lucro, independente, laica, multicultural e plural, que se enmarca dentro da Federación de Asociacións de SOS RACISMO do Estado español.

Os principais fins que perseguimos son:

- ✓ ***Incidencia Política e social*:** loitar contra calquera forma de discriminación por razón de cor de pel, orixe, cultura ou relixión que se poida dar tanto a nivel social como político.

- ✓ **Sensibilización:** Difundir valores, actitudes e prácticas para que a poboación recoñeza, acepte e normalice o carácter pluricultural e multirracial da sociedade galega, e valore positivamente a riqueza que ofrece a diversidade e a interculturalidade.

- ✓ **Inclusión**: Promover a inclusión social de persoas migrantes ou pertencentes a minorías étnicas a través do asesoramento e formación en materia de dereitos e acceso en igualdade de oportunidades.

O noso eido de acción é a comunidade galega, onde traballamos conxuntamente con outras entidades locais para achegar o noso traballo á maior cantidade posible de persoas e ampliar a área de incidencia da entidade.

Además coordinámonos coas entidades pertencentes á Federación de Asociacións de SOS Racismo do Estado español para acadar que a nosa actividade teña repercusión a nivel nacional.

CONSTRUÍNDO PONTES, DERRUBANDO MUROS



OFICINA DE INFORMACIÓN E DENUNCIA

ORIENTACIÓN E FORMACIÓN

DINAMIZACIÓN COMUNITARIA E MEDIACION INTERCULTURAL

DENUNCIA SOCIAL

Oficina de Información e Denuncia en materia de Racismo e Xenofobia

SOS Racismo Galicia ofrece un espazo de información e denuncia para aquelas persoas que teñan sido vítimas ou testemuñas de comportamentos racistas ou xenófobos, que teñan provocado agresión, vulneración dos dereitos fundamentais, aplicación desigual de dereitos e da igualdade de oportunidades. Actualmente dispoñemos de dúas oficinas de atención dentro do territorio galego: unha na Coruña e outra na cidade de Vigo.

As OID expoñen tres liñas de intervención fundamentais:

- ✓ **Información e asesoramento:** asesoría integral e gratuíta a toda persoa que teña sido vítima ou testemuña dunha actitude racista ou xenófoba ou ben teña sospeitas do exercicio de situacións discriminatorias.

- ✓ **Resarcimento do dano**: O principal elemento diferencial das nosas OID é que tratamos non só de visibilizar o delito que sofren estas vítimas, senón que damos un paso máis aló, tratando de loitar tanto por unha condea xudicial que penalice aos causantes destes delitos, como pola necesidade da persoa que sofre o delito de sentirse protexida e recoñecida socialmente como vítima.

- ✓ **Prevención dos delitos xenófobos, racistas e de odio.** As nosas OID traballan na prevención deste tipo de comportamentos en todos os espazos da nosa sociedade. Traballamos promovendo posicións proactivas cara á

diversidade en rede con outras entidades e movementos sociais, xunto a centros educativos, profesionais, universidades, organizacións de mulleres, etc. dende idades temperás.

Que ofrecemos?

- ✓ **Apoio xurídico e administrativo** a aquelas persoas que fosen vítimas de discriminación racista e/ou xenófoba.
- ✓ **Denunciamos** calquer tipo de feito discriminatorio.
- ✓ **Mediamos** en caso de conflito cultural.
- ✓ **Informamos** dos seus dereitos ás persoas pertencentes a minorías étnicas.
- ✓ **Documentamos** os casos de racismo e xenofobia que teñen lugar en Galicia para a súa posterior publicación nos Informes Anuais sobre o Racismo no Estado español.

Resumo Informe Anual 2018

É en 2014 que SOS Racismo Galicia se reconstitúe na Coruña de mans dunha nova xunta directiva e comeza a formar parte da Federación de Asociacións de SOS Racismo do Estado español e, polo tanto, participa na elaboración do Informe anual sobre Racismo e Xenofobia no Estado español.

A primeira fonte para a elaboración do devandito Informe Anual constitúena as vulneracións e denuncias que se recollen nas Oficinas de Información e Denuncia (OID) en Galicia (A Coruña e Vigo) e que corresponden a diferentes tipos de discriminación por motivos racistas: discriminación laboral, no acceso a prestacións públicas, conflitos veciñais, etc.

As oficinas de SOS Racismo Galicia tenta combater as situacións de racismo e xenofobia mediante o proxecto de OID, ofrecendo un servizo de atención integral a

aquelas persoas afectadas ou que foran testemuñas de situacións de discriminación por racismo ou xenofobia, mediante unha atención completa e unha asesoría xurídica e social de balde. O informe está constituído pola relación de aqueles casos de discriminación xenófoba ou racista coñecidos polas Oficinas de Información e Denuncia en Galicia, de modo que non pretende mostrar o total dos casos acontecidos en territorio galego, se non que os asuntos e as cifras recollidas neste informe

apenas refliten una parte da realidade, sendo as condutas discriminatorias acontecidas durante o 2018 maiores que as mostradas. As situacións discriminatorias son recollidas por SOS Racismo Galicia como observatorio, tanto por ter tido coñecemento das mesmas, por derivación das entidades coas que se traballa en rede, como a través do servizo de asesoramento ás persoas que sufriron ou que foron testemuñas de condutas racistas/xenófobas. Existe unha barreira entre as discriminacións existentes e as discriminacións das que se toma conciencia e se denuncian, sendo un dos maiores obstáculos á hora de denunciar a situación e o contexto da persoa que sofre a conduta discriminatoria. Deste xeito, moitas das persoas que sofren cada día o racismo e a xenofobia non denuncian estes conflitos pola súa situación de irregularidade administrativa, polo medo e a inseguridade que xera o momento da denuncia, polo descoñecemento de dereitos ou pola idea xeralizada de que a denuncia non vai ter efectos ou non vai solucionar o problema concreto, entre outros moitos motivos.

Durante o ano 2018 recolléronse en Galicia un total de **96 casos** de discriminación e vulneracións de dereitos, dos cales destacan polo seu volume os correspondentes ao racismo institucional, sobre todo no ámbito da saúde, seguido das discriminacións sufridas nas Oficinas de Estranxeiría. As 96 denuncias teñen nomes e apelidos, son persoas que viron violentados os seus dereitos por cuestións de trazos fenotípicos, orixe, razóns relixiosas ou étnicas ou situación administrativa.

Malia dispoñermos da posibilidade de rexistrar casos de discriminación dende calquer lugar de Galicia a través da nosa páxina web, (www.sosracismogalicia.org), o certo é que a implantación territorial e os propios medios cos que conta cada unha das oficinas estabelecidas en Galicia condiciona o número de casos recollidos. É por iso que a alteración estatística de casos recollidos en A Coruña fronte ó resto de provincias é notablemente moi superior, ó ser a única localidade que durante no ano 2018 contou cun convenio nominativo a través do Concello da Coruña para este servizo.

Sen pretender ofrecer un estudo cuantitativo do número de incidentes discriminatorios producidos en Galicia durante o ano 2018, cremos que a mostra de 96 casos supoñen un reflexo cualitativo da discriminación nas súas diferentes tipoloxías que nos aproxima a unha realidade que transcende o ámbito penal dos delitos de odio e que polos motivos arriba explicados (diferenza entre feito discriminatorio e feito denunciado, limitacións da entidade, etc.) resulta imposible cuantificar con precisión.

Dentro tamén se realizaron varias charlas de sensibilización e formación en deteción de vulneracións de dereitos como, por exemplo, unha charla levada a cabo no Tomás Barros co alumnado do ciclo de Integración Social.

Informe Anual 2018. Descargable en pdf a través da web

DINAMIZACIÓN COMUNITARIA E MEDIACIÓN INTERCULTURAL

ReDiversa: Dinamización comunitaria Intercultural

A finais do ano 2018 comezamos un novo proxecto que de seguro dará moito que falar no 2019.

Trala a experiencia adquirida nestes anos de traballo dende SOS Racismo Galicia e en concreto dende o Servizo de Mediación Intercultural e Sensibilización, levounos a reflexionar sobre o papel e os roles outorgados ás comunidades migrantes como meros receptores de servizos dende unha postura pasiva.

Esta reflexión levounos a crear este proxecto, no que se pretende cambiar os roles establecidos para promover cambios no imaxinario social da percepción da poboación autóctona en referencia ao papel das persoas migrantes ou pertencentes a minorías étnicas.

Nunha primeira fase, formamos a persoas migrantes e/ou racializadas no ámbito da mediación intercultural e dinamización comunitaria para que noutras dúas fases posteriores (no ano 2019), como axentes de mediación profesionalizados/as e contratados/as pola entidade, deseñen e executen acións, actividades e iniciativas socioculturais que contribúan a crear unha sociedade máis informada, comprensiva, tolerante e intercultural.

Durante o mes de decembro, consolídase e completa a formación o equipo técnico que executará o proxecto no ano seguinte.

A composición do grupo é de 3 homes e 6 mulleres. Persoas migrantes das seguintes

nacionalidades (Alxeria, Gambia, Marrocos, Senegal, Siria, Venezuela e Nixeria). Son, todas elas, usuarias dos distintos programas de SOS RACISMO GALICIA, salvo dúas persoas que foron derivadas por outra entidade (Accem) para formar parte deste proxecto.

Servizo de Mediación Intercultural

O SAMI é un servizo que procura mellorar a convivencia intercultural do conxunto da poboación, establecendo para tal fin, canles de comunicación e de entendemento que parten dunhas firmes concepcións de igualdade e de respeto entre as diversas culturas.

O noso servizo comprende varios ámbitos entre os que destacan o laboral, sanitario, educativo, vivendas, prestacional etc. Neste ano aumentaron notablemente as mediacións relacionadas no ámbito bancario debido ás grandes trabas á hora de abrir unha conta nalguna entidade. Do mesmo xeito, incrementáronse notablemente as mediacións relacionadas coa procura de vivenda.

En canto este último, é un problema palpable na cidade de A Coruña os obstáculos que se poñen para poder acceder a unha vivenda. As condicións que esixen son imposibles —seguro de impagos, avais bancarios, meses por adiantado, nóminas superiores a mil euros, contratos dunha antigüedade maior a un ano, estar en posesión dun NIE ou DNI, entre outras—. Estas cuestións dificultan moitísimo o aluguer ás persoas migrantes, xa que ao tratarse dunha persoa cunha cor de pel diferente, con outra relixión ou cultura, o número de requisitos esixidos é moito maior. As persoas que solicitaron o noso servizo foron apoiadas dende o inicio do proceso xa que, en moitos casos, cando as inmobiliarias ou as persoas particulares escoitan un acento diferente xa poñen trabas para poder ver a vivenda.

Durante o ano 2018 adicáronse máis de 800 horas ao servizo de mediación. Tal e como se amosa na imaxe que aparece a continuación, as principais demandas deste servizo foron no ámbito dos recursos sociais, que ocupan o 48% das actuacións. Por outra banda, o 22% son as relacionadas co ámbito sanitario, xa que no primeiro semestre do ano nos atopámonos cunha gran cantidade de solicitudes de mediacións para poder dar resposta ás vulneracións nos centros de saúde coas solicitudes do Programa Galego de Protección de Saúde, onde traballamos en conxunto con Médicos do Mundo. En base a isto nos atopamos con diversas dificultades xa dende o inicio, cando o persoal administrativo da sanidade se negaba a recoller documentación sen ter motivos reais.

Orientación e Formación

Oficina de Información en materia de Estranxeiría

Este servizo configúrase como un programa especializado e complementario con respeto á intervención das profesionais de distintos ámbitos (familiar, vivenda, educativo-formativo, cultural e de lecer, sanitario, servizos sociais, laboral, xurídico-administrativo), co obxetivo de integrar ás persoas migrantes e/ou minorías étnicas na sociedade e favorecer a convivencia intercultural.O punto de partida do programa radica no servizo de asesoramento xurídico en materia de estranxeiría, cuxa misión fundamental é facilitar o acceso aos dereitos básicos ás persoas estranxeiras e/ou pertencentes a minorías étnico-culturais. Deste xeito, asesórase sobre aqueles temas relacionados co ámbito da estranxeiría ou derivados do mesmo, como poden ser todas aquelas solicitudes vinculadas ao exercicio doutros dereitos fundamentais, tales como: o acceso á xustiza, á educación, á asistencia sanitaria, etc. Salientar que dita intervención posúe un carácter complementario e/ou subsidiario, o que vén significar que, na medida en que existan outros axentes sociais mellor situados ou competentes para responder ás mesmas, o servizo de asesoramento xurídico limitaráse á súa derivación. En calquer caso, este servizo tomará en conta o grao de accesibilidade dos mencionados recursos, sempre axustando o seu nivel de intervención ás necesidades específicas de cada persoa.

Durante o ano 2018 o servizo traballou esencialmente na área metropolitana da Coruña, comprendendo os concellos da Coruña, Oleiros, Arteixo, Culleredo, Cambre, Sada, Betanzos, Laracha, Bergondo e Carral. Este servizo desenvolveuse na maioría dos casos como un servizo principal e iniciador de numerosas solicitudes, sobre todo, en materia de permisos de residencia e asistencia sanitaria. Noutras ocasións, o servizo foi complementario na resolución de cuestións ou conflitos derivados por outras entidades ou organismos públicos, asumindo a tramitación subsidiaria dos procedementos necesarios para a súa correción.

Atendendo á materia especializada ante a que nos atopamos e ao denso estudo que cada procedemento pode levar, a atención realizouse de forma organizada, mediante o servizo de cita previa para unha primeira entrevista coa asesora xurídica. Posteriormente, expostas as necesidades pola persoa demandante do servizo, procedeuse ao estudo do caso concreto concertando unha segunda cita que na maioría dos casos iniciaba o trámite necesario ou propoñía as posíbeis vías de tramitación da solicitude ou solución do conflito. Dentro do Servizo Xurídico en Estranxeiría, establecéronse unha serie de obxetivos, entre os que cabe salientar:

- Facilitar os procesos de inclusión social ás persoas estranxeiras de terceiros países, a través da apertura de puntos de asesoría xurídica que traballen atendendo á perspectiva de xénero.
- Mellorar os procesos de integración por medio do coñecemento de dereitos en materia de estranxeiría.
- Defensa dos casos de vulneración de dereitos fundamentais.

Existe un gran número de migrantes que chegan a territorio español coa necesidade de tramitar correctamente o seu permiso de residencia, así como o dos seus familiares. Na meirande parte dos casos, descoñecen cales son os seus dereitos e como facelos efectivos, pois a miúdo, e debido á gran cantidade de información recibida (moitas das ocasións obtida en foros e páxinas de internet) é errada e/ou non axustada á realidade.

Asisten tamén a este servizo moitas persoas que demandan un asesoramento xurídico para a solicitude, tramitación, renovación dos permisos de residencia e/ou traballo, da cara á revisión da documentación necesaria ou pola necesidade de presentar un recurso contra algunha resolución desestimatoria ou denegatoria de solicitude.

No desenvolvemento deste servizo detetouse a gran demanda por parte da poboación estranxeira dun asesoramento especializado en materia de estranxeiría, así como doutros dereitos fundamentais (vivenda, sanidade, educación, etc.). Recóllese esta necesidade como reflexo da insuficiencia dos servizos públicos que, por norma xeral, non alcanza para dar unha resposta efetiva a estes grupos.

Además deste asesoramento centrado no tema de estranxeiría, cómpre destacar aquelas consultas centradas na tramitación do cartón sanitario, sendo partícipes da difusión do Programa Galego de Protección Social de Saúde Pública, informando sobre os seus requisitos e a tramitación do mesmo, así como na tramitación de recursos en casos de denegación da súa inclusión. O tema de consulta e asesoramento máis recorrente foi a reagrupación familiar e xestións derivadas da mesma. Alén, o tema que máis abrangue tomando como criterio o tempo invertido por cada persoa é o asunto das ordes de expulsión, pois son necesarias varias reunións e a presentación de varios escritos de alegacións e recursos na maior parte dos casos.

Na oficina da Coruña, destináronse a este servizo de asesoramento en estranxeiría **960 horas** durante **o ano completo 2018,** mediante unha media de 80 horas mensuais. En total, **o número de persoas atendidas no 2018 é de 86 (52 homes e 34 mulleres).**

Primeira atención e derivación de poboación migrante (Servizo de Atención Integral)

Este servizo de primeira, e inmediata, atención enmárcase dentro da Federación Estatal de SOS Racismo, é préstase na entidade a toda a poboación migrante que o demanda. Nel trátase de facilitar o acceso aos dereitos básicos ás persoas migrantes que acoden á nosa entidade. Dereitos fundamentais tales como son o acceso á xustiza, á

educación, á asistencia sanitaria, a prestacións, etc.

O acceso a este servizo é sinxelo, sen necesidade de cita previa as persoas de orixe estranxeira acoden á oficina no horario de atención coas súas diferentes demandas.

Na súa maioría foron atendidas de inmediato, e en poucas ocasións téñense que emprazar a unha segunda intervención.

A intervención centrouse xeralmente na tramitación dunha ou outra solicitude que a persoa usuaria necesitaba presentar ante a administración correspondente —autorización de residencia e traballo, axudas sociais, empadroamento, asistencia sanitaria, adquisición da nacionalidade española, asistencia xurídica gratuíta etc.- Evidentemente, este servizo situou a consecución dos obxetivos nunha perspetiva máis ampla, que foi o da inclusión social e/ou o benestar da persoa usuaria.

Todo o traballo realizado na nosa sede, con este proxecto e con calquer outro, baséase tamén no traballo en REDE con outras entidades (Médicos do Mundo, Viraventos, Teranga-Fundación Juan Soñador, Ecos do Sur…) e os propios Servizos Sociais do Concello cos que temos contato frecuentemente. Así temos máis capacidade de análise da situación, podemos propoñer melloras e derivar corretamente ás persoas con e polas que traballamos que o necesiten a un servizo máis especializado.

Como pode verse no gráfico, o número maior de demandas foron no campo de estranxeiría. Concretamente no tema de adquisición da nacionalidade española. Un perfil de persoas estranxeiras que levan xa bastante tempo no país, que cumpren cos requisitos pero que se enfrontan a un procedemento electrónico complicado.

Tipoloxía das intervencións en Galicia

Obtención da nacionalidade española (requisitos, tramitación, consulta expediente)	44,9%
Permisos de residencia. Estranxeiría	8,16%
Axudas sociais	12,25%
Asesoramento educativo	8,16%
Asesoramento laboral	4,08%
Outros asesoramentos	22,45%

O perfil, como cabería pensar nun servizo deste tipo non sempre é o dunha persoa recentemente chegada á cidade, senón que son persoas que levan xa un tempo longo na comunidade pero que se lle vai complicando cada vez máis o acceso a dereitos e servizos pola excesiva e complicada burocracia que todo conleva. Faise patente que a

comunicación, ou mellor dito a falta dela, entre diferentes administracións desorienta aínda máis aos suxeitos que demandan os seus servizos. É normal a contradición de informacións e o descoñecemento do propio persoal para ofrecer un asesoramento efetivo.

O acompañamento e apoio que debería ofrecerse dende os servizos públicos non existe e somos nós as que ocupamos ese lugar. Por exemplo, coas demandas máis numerosas, todas as relacionadas coa adquisición da nacionalidade española apoiamos aos e ás usuarias en todo o proceso.

É debido a isto, a gran demanda, que dentro deste proxecto facilitáronse dúas das formacións sobre todos os requisitos e trámites para a adquisición da nacionalidade española. Despois é necesario apoiar na inscrición dos exames esixidos en cada caso ao ser un trámite online que non está ao alcance de todas as persoas.

Con outros proxectos que temos na propia entidade ofrécese a mesma formación para preparar os exames. As persoas que os superan continúan co noso asesoramento para poder presentar a documentación requerida de forma dixital (o que se lles recomenda dende o propio Ministerio de Xustiza). O acompañamento non finaliza aquí, xa que ao ser este trámite na actualidade moi longo no tempo (tempo de resolución dos expedientes de máis de 2 anos), visítannos de cando en vez para saber como vai o seu.

Dentro deste mesmo servizo impartimos a finais de ano unha formación especificamente para mulleres que nos serve como encontro/balance das necesidades deste grupo e procuramos incluír nela a mulleres que xa levan tempo na cidade e coñecen un pouco máis os recursos para que sexan elas mesmas as que compartan coas súas compañeiras recentemente chegadas o seu coñecemento. Traballamos con isto a sororidade e o empoderamento feminino.

PERSOAS PARTICIPANTES. Desagregación por xénero

Do camiño percorrido neste proxecto podemos, un ano máis concluír que a inestabilidade xurídica é unha das principais barreiras que se atopa a poboación estranxeira á hora de residir no Estado español. Descoñecemento de dereitos, acceso ao mercado laboral, procesos de

reagrupamento, trámites complexos, ampla recompilación de documentación, procedementos xurídicos para o recurso, así como outras múltiples casuísticas impiden ou dificultan o acceso á plena participación e inclusión na sociedade de acollida.

Competencias Clave

Dende o ano 2016 levamos a cabo formación en Competencias Clave. Debido á crise económica, os cursos das AFD (Accións Formativas para persoas desempregadas) víronse saturados, polo que se estableceron niveis para acceder aos mesmos dependendo do nivel formativo das persoas. O nivel 2 creouse para aquelas que estiveran en situación de obtención do título de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) ou equivalente, e o nivel 3 para o bacharel ou equivalente. Aquelas persoas que non se atopasen en ningunha desta situación so podían acceder aos cursos de nivel 1, que normalmente son cursos moi pouco interesantes como xardinería. Para iso creáronse as Competencias Clave, que se distinguen en dous niveles e que suple esa titulación de cara ao acceso aos cursos das AFD. Os exames de competencias clave están compostos de Língua Castelá, Língua Galega, Matemáticas e Língua Inglesa.

Isto tamén posibilita que aquelas persoas que non poidan homologar os estudos dos seus países, e non teñan o tempo suficiente para poder cursar outra formación, poidan realizar cursos prelaborais dun xeito máis áxil.



Trala nosa experiencia atopámonos con necesidades moi diferentes e con moi poucos recursos para que as persoas poidan preparar o exame e, os recursos existentes moitas veces están saturados e non ofrecen sesións formativas individualizadas.

Cremos que é moi importante atender a que participen poucas persoas nas clases xa que, deste xeito, podense preparar materiais

individualizados atendendo en todo momento ás necesidades específicas de cada persoa e a cada nivel, deixando sempre un espazo para que todas as persoas se sintan cómodas para expresar as súas dúbidas.

Durante o primeiro semestre do ano 2018 leváronse a cabo 240 horas totais de competencias.

Por unha banda, levouse a cabo un curso de **Competencias Clave en Língua e Cálculo de N2** e outro de **Língua e Cálculo N3** os cales tiveron lugar nos primeiros seis meses do ano e se adicaron 120 horas a cada un deles.

Trala finalización destes cursos as persoas participantes presentáronse as probas 16 persoas das cales as superaron un 80% con éxito.

A partir do segundo semestre do ano tivemos dúas novas edicións de competencias separadas doutro xeito.

No mes de agosto e até o mes de xaneiro levouse a cabo un curso de **Competencias Clave en Línguas da Sociedade de Acollida N2** ao cal se destinaron 120 horas.

Pensamos que separar o curso por línguas, suporía un avance pensando naquelas persoas que proceden de países de fala non hispana, xa que podemos atender aqueles niveis medios de língua castelá e nos permite iniciar ao alumnado na língua galega. Aínda que dentro do grupo existen persoas con diferentes niveis, ao ter un grupo máis homoxéneo nos permitiunos poder levar a cabo moitas dinámicas lúdicas e de participación para poder por en práctica con actividades da vida diaria.

Por outra banda, en outubro do 2019 tivo comezo un curso de Competencias Clave en Língua Inglesa e Cálculo de nivel 2 cun total de 80 horas.

Por outra banda, no mes de outubro iniciamos un curso de **Competencias Clave en língua Inglesa e Cálculo N2**. co obxetivo de reforzar máis nestas dúas materias que poden supoñer unha maior traba para moitas persoas por non ter ningunha formación neste ámbito e, tamén, porque a nosa experiencia nos deixa ver que son moitas as persoas que teñen suspensas estas materias. A este curso se destináronse 80 horas.

Nacionalidade

Desde finais de 2015 o acceso a obtención de nacionalidade dificultouse aínda máis, promovendo dende as institucións a perpetuación dunha cidadanía de primeira e de segunda clase. Neste senso, estableceuse que para dito acceso a persoas de orixe estranxeira tiveran

que acreditar mediante un exame oficial os seu coñecementos da língua española (Nivel A2), así como unha proba de coñecementos constitucionais e socioculturais de España (CCSE). Aos esforzos de tempo e vontade que supoñen ditas probas, as cales probablemente non superaría a meirande parte de poboación autóctona, súmase o custe destas que pode chegar a superar os 300 €.

Ante esta situación, dende SOS Racismo Galicia, entendemos que era preciso axudar a superar estas probas á poboación estranxeira como ferramenta de promoción e acceso a igualdade de dereitos, razón pola cal acorsouse realizar formacións específicas para a súa obtención.

Durante o ano 2018 impartíronse 2 cursos para a superación do exame CCSE. Un deles de 15 horas no mes de marzo e outro de 20 no mes de novembro dos cales se beneficiaron en total 18 persoas.

Formación para Itinerarios de Inclusión Social

O proxecto levado a cabo, por mor dun convenio co Concello de A Coruña, tivo como obxeto incrementar e/ou dotar ás persoas participantes no mesmo dunha cualificación ou de niveis formativos que lles permitiran incrementar os seus factores de empregabilidade. Foros destinatarias do proxecto principalmente, persoas beneficiarias da Renda Social Municipal (en adiante, RSM) que aínda estando en situación administrativa irregular, acadaban ou estaban próximas a acadar o tempo requerido para o arraigo social.

Non obstante, cómpre destacar que se reservou un número de prazas para persoas que, aínda que non estaban en situación administrativa irregular nin percibían a RSM si que se atopaban nunha situación de precariedade e vulnerabilidade social.

O presente proxecto que a continuación se describe tivo unha duración dun ano, de xaneiro a decembro. Nos primeiros meses do comezo do proxecto levamos a cabo unha difusión do mesmo vía e-mail e telefónica coas entidades do tecido social e coas propias traballadoras sociais do equipo da Renda Social para informarlles da existencia do proxecto e, en liñas xerais, a finalidade do mesmo coa fin de facilitar unha maior difusión e obter unha derivación de posibles persoas participantes no mesmo para poder, deste xeito, obter unha maior eficiencia do mesmo.

Por outra banda, levamos a cabo unha análise do mercado laboral coa finalidade de coñecer onde se demanda máis xente. Nos nosas procuras de emprego atopámonos con que, na maioría das ofertas, se especificaba ter “papeis en regra”, ou titulacións como Certificados de Profesionalidade.

Na seguinte fase do proxecto realizamos dúas reunións grupais para dar información ás posibles persoas beneficiarias do mesmo e explicarlles en que consistía.

A partir de aquí comezamos a facer entrevistas individuais baixo un cuestionario xeral para saber os niveis formativos das persoas interesadas, coñecer un pouco máis da súa situación e, sobre todo, para saber cales serían as súas motivacións e intereses a efetos de levar a cabo algunha formación.

Posteriormente, solicitamos diversos orzamentos a diversas empresas que imparten formación. Finalmente, o equipo de traballo decidimos que o que máis respondía ás demandas das persoas era o curso de Axudante de Cociña, impartido pola Escola de Hostalería San Javier, e o curso de Operaria/o de almacén e Carretilla Elevadora impartido pola Fundación Nortempo. Este último, tivo que ser sen prácticas académicas posto que as prácticas se realizarían en empresas, e ao atoparse en situación irregular, podería acudir algunha inspección. Cremos que sería moi beneficioso que dende o Concello de A Coruña se ofertasen prazas para persoas en situación irregular nos cursos impartidos no Centro Municipal de Emprego, xa que realizan práticas no propio centro ou noutros recursos do Concello, e non é un risco para persoas en situación administrativa irregular.

En materia de formación, levouse a cabo unha procura de posibles axentes empregadores, xestorías etc. para que asistiran a una palestra onde se explicou o proceso de contratación de persoas migrantes. Alén, impartiuse unha palestra café con todas as persoas interesadas que se quixeron achegar.

Por outra banda, impartiuse unha formación coas persoas beneficiarias dos cursos e con aquelas que quedaron fóra do mesmo que se quixeron achegar, para explicar as opcións de regularización (xa sexa por conta propia ou conta allea).

As persoas que participaron diretamente nas actividades formativas de Cociña e Operaria de Almacén foron un total de 30, aínda que hai que ter en conta que no proceso se traballou con bastantes máis persoas, como se detalla máis adiante.

As persoas destinatarias indiretas, que calculamos en aproximadamente 500, son tódolos axentes sociais que podemos conseguir que muden os seus prexuízos en relación a inserción sociolaboral das persoas migrantes, e parte da poboación da cidade de A Coruña e a súa área metropolitana.

Dentro da formación impartida pola propia entidade o obradoiro de sensibilización para os axentes empregadores realizouse na sede de SOS Racismo Galicia cunha duración de dúas horas e media con reparto de material de consulta con anterioridade á súa celebración, contatouse telefónicamente con diferentes asociacións de empresarias/os, xerais ou dun ámbito concreto. En especial, contactouse con aquelas relacionadas cos cursos de formación impartidos (hostalería e grandes superficies), así como as agrupacións xerais de axentes empregadores como a Cámara de Comercio da Coruña, Asociación de Empresarias da Coruña, Asociación de Traballadores Autónomos, entre outras, así como varias asesorías e xestorías de cara a que retransmitiran esta información aos axentes empregadores aos que restan servizo. Tamén se contatou con asociacións especializadas no ámbito social, de cara á darlles a coñecer o proxecto de formación, co obxetivo de tecer redes de colaboración entre nós para a inserción sociolaboral das participantes migrantes, como Fundación Ronsel, Cáritas, etc.

A aqueles axentes empregadores que, por diversas razóns, non puideron asistir ao obradoiro, ofrecéuselles a posibilidade de repetición do mesmo dentro do ano 2019, xa fóra do ámbito do presente convenio, así como a entrega de materiais formativos e consulta de dúbidas puntuais a través de teléfono ou correo electrónico.

Ao obradoiro de formación en materia de Dereitos, tanto para o emprego por conta allea como por conta propia asistiron a maior parte das persoas participantes na formación previamente cursada (formación en Cociña e Operaria/o de Almacén), que asistiron con interese e motivación. Así mesmo, foi convocado todo o alumnado desta formación e algunhas persoas que viñan demandando unha formación nesta materia.

Por petición das asistentes ao obradoiro, o mesmo pasará a centrarse nas posibilidades de contratación das persoas estranxeiras, xa mediante a figura do arraigo social, como en materia de renovación de permisos de residencia, resolvendo aquelas dúbidas existentes, moitas veces obxecto de prexuízos e percepcións sociais que nada teñen que ver coa realidade existente.

A formación en materia de igualdade de xénero foi transversal a todas aquelas formacións e obradoiros realizados, pois non se concibe a impartición de ningunha materia sen a visión de xénero. É por isto que a perspectiva feminista é alicerce fundamental de toda andanza de SOS Racismo Galicia, empapando así mesmo todos os contidos impartidos.

Teatro Aplicado

Esta iniciativa que comezou no ano 2017 tivo a súa continuidade no 2018. Volvemos a contar co mestre de teatro, Marcos Sánchez Armesto, e foi posible grazas ao financiamento por parte de La Caixa e a cesión do espazo para realizala polo Concello de A Coruña no Centro Cívico Novoboandanza.

O Teatro Aplicado baséase nunha iniciativa dirixida principalmente ás persoas participantes nos diferentes programas de SOS Racismo Galicia, mais tamén aberta a todas aquelas persoas que a considerasen do seu interese, como un espazo propio onde experimentar e adquirir diferentes habilidades a través da disciplina artística do teatro.

No encontro dramático sempre hai unha implicación que resulta transformadora. Iso é debido á profunda comprensión, o goce, a toma de conciencia da propia identidade, a alternativa de perspetivas ofrecidas e o desenvolvemento do sentido artístico que xorde durante este proceso de implicación.

Esta é a esencia da PEDAGOXÍA TEATRAL: promover o cambio no ámbito persoal e social desde a acción e a reflexión.

Con esta actividade pretendeuse:

- Tomar conciencia das propias capacidades.
- Fomentar e desenvolver a psicomotricidade.
- Fomentar e desenvolver a autoestima.
- Inculcar hábitos de empatía e traballo en equipo.
- Fomentar espazos de encontro e lecer interculturais.

Durante o ano 2018 levaronse a cabo dúas edicións. O primeiro curso realizouse entre o mes de abril e xullo, e o segundo, entre o mes de setembro e novembro.

Concienciación

Muller e Islam

Con esta liña de actuación que se puxo en marcha no 2017 dentro do marco da Federación de SOS Racismo do Estado español, pretendouse contribuír a combater o emprego da islamofobia como ferramenta discriminatoria contra as mulleres, a través de 4 accións:

Creación de grupos de mulleres musulmás para a Participación Social:

Esta foi a actividade principal do proxecto e que daba sentido ás seguintes fases, xa que a intención non era só por o foco sobre unha realidade, senón que aspirábamos a achegar a esta poboación aos procesos de inclusión social a través da participación comunitaria.

Esta reflexión parte da necesidade de visibilizar a voz e a luz dunha poboación descoñecida e en escuridade a consecuencia dunha tripla presión social: a eurocéntrica, a do heteropatriarcado e a dos sistemas de socialización dos países de orixe. Todo iso suscita rumores, estereotipos que non axudan á súa integración social, laboral ou comunitaria.

Pero sen caermos en inxenuidades, e malia este evidente punto de partida, foi necesario ter en conta nese proceso de participación de mulleres musulmás a interseccionalidade nas múltiples opresións que dificultan este proceso de inclusión e participación social. Por este motivo, a creación de grupos de traballo e empoderamento de mulleres musulmás resultou imprescindíbel para fomentar a súa participación como protagonistas nas seguintes fases do proxecto que incluíu unha autoanálise explorativa dos elementos que estas

mulleres traballaron en grupo e individualmente para achegarse aos sistemas de participación locais, así como un itinerario formativo.

Realizáronse diversos espazos de encontro nas localidades de A Coruña e Vigo , superando as **80 mulleres participantes** durante todo o proceso.

Día Internacional Pola Eliminación da Discriminación Racial

Con motivo da celebración do 21 de marzo no CSC Ágora (A Coruña), levouse a cabo o espazo de encontro "O discurso de Odio e a discriminación racial e xenófoba en Galicia" onde se expuso a situación real da xenofobia, o racismo e o discruso de odio en Galicia e se xerou un debate onde se intercambiaron diversas opinións. Isto foi posible grazas a colaboración doutras entidades que traballan no ámbito.



Xornada "O discurso de odio e a discriminación racial e Xenofoba en Galiza". CSC Agora (A Coruña)

No encontro tratouse o racismo en diferentes eidos. Dende SOS Racismo levamos a cabo a análise do Informe Anual sobre o racismo e a xenofobia e expusemos os nosos datos. Médicos do Mundo puntualizou sobre a explusión sanitaria e o dereito a saúde en Galicia. As compañeiras de Ecos do Sur falaron do activimo contra o ciberodio e a Concelleira de Igualdade falou das políticas municipais levadas a cabo contra o racismo e a xenofobia.

Cea Multicultural. CS A Comuna (A Coruña)

Como peche das atividades realizadas con motivo da celebración do 21M, e para por un toque máis festivo o 24 de marzo organizamos no Centro Social A Comuna da Coruña, unha degustación intercultural onde tivemos a oportunidade de ter un espazo de encontro con presenza de pratos de diferentes países como,

Senegal, Siria, Uruguai, Nixería, Marrocos e Galicia. Os pratos foron, seguindo a orde dos países: Nem, Kibbe, Polenta, Egg Roll, Mhancha e Empanada de Grelos, todo elaborado por compañeiros e compañeiras da entidade.

Co mesmo obxeto de celebración, o 23 de Marzo en Vigo e en colaboración coas asociacións Diversidades, Provivenda e a Asociación de Uruguaios (¿?¿) e Asociación Galimundo elaborouse unha degustación de comidas do mundo onde tamén se plantexaron actividades interculturais para crianzas. Espazos lúdicos de encontro onde persoas de diferentes países e culturas comparten costumes, pratos típicos tradicións etc.

Dia Internacional contra o Racismo (Vigo)

Inclusión e sensibilización social

Arte e inclusión

O 19 de Febreiro na Casa Museo Casares Quiroga (A Coruña), participamos como invitadas na exposición do proxecto Disidencias, onde puidemos disfrutar da exposición de Gosia Trebacz e participar nunha charla coloquio aportando a nosa visión sobre o poder inclusivo da arte, e escoitando as opiniós das persoas e asociacións participantes.

"Cos ollos abertos"

A asociación AIRE, Asociación Integral de Rescate e Emergencia, organizou unha semana de cine debate a cal nomearon "Cos ollos

abertos” xa que o cine tamén é unha ferramenta de denuncia social. Nos participamos o 27 de Setembro coa visualización do filme “Mediterránea” e no posterior debate xunto con outras asociacións como ACCEM, Ecodesarrollo Gaia, Ecos do Sur, etc.

O estigma da migración

O 28 de Setembro fomos convidadas a participar cunha ponencia sobre "O estigma da migración" nunha clase da materia “Intervención socioeducativa con persoas e grupos vulnerables" pertencente a terceiro do Grao de Educación Social. A través desta ponencia tivemos a oportunidade de falar de como as persoas migrantes viven estigmatizadas, e como lles afecta cargar con todos estes estigmas e prexuízos e cargar no seu día a día, quedando excluídas dunha participación social plena, real e en equidade de condicións. Visualizamos o documental “Kër”, que reflexa á perfección tres testemuñas de vendedores ambulantes que narran a súas vivencias e contan como, en moitas ocasións, son estigmatizados. Para finalizar e dar paso ao debate, o voluntario Sidy Cámara narrou as súas experiencias. O alumnado quedou asombrado e perplexo ao decatarse de que estas situacións continúan acontecendo a día de hoxe..

Xustiza Social

"Mostra do posíbel"

Mostra do Posible (Cangas do Morrazo)

Os días seis e sete de outubro estivemos na Alameda Nova de Cangas do Morrazo participando na Segunda Edición da Mostra do Posible que é un evento que divulga o traballo dos movementos sociais e das entidades de Economía Social e Solidaria co obxecto de dar voz e facer visible todos estes colectivos que traballamos para construír alternativas máis xustas.

Dende SOS Racismo Galicia participamos dándonos a coñecer a través do noso stand, explicando o noso labor nas oficinas de Coruña e Vigo; e denunciando, informando e concienciando sobre as situacións de

discriminación e racismo que sofren as persoas migrantes e racializadas só polo feito de ter outra cultura, outra cor de pel ou outra relixión.

Desenvolvemento Sostible

O 24 de Novembro participamos no tinglado do Porto en Vigo na xornada ***"Construíndo o mundo que queremos***" xunto con outras entidades da Rede Social Galicia Sur, a Universidade de Vigo e a Coordinadora Galega de Ongd. A temática das xornadas é a sensibilización sobre os obxetivos de desenvolvemento sostible (ODS).



Vestido deseñado por Kadhija Diop. Tinglado do Porto de Vigo

Deseñadora Khadija Diop

Dende Sos Racismo Galicia, dentro do marco do proxecto Muller e Islam, aproveitamos para que este tipo de espazos, puidera ser unha plataforma de publicidade e visibilidade da compañeira coma Khadidja Diop Camara, que amosou os seus deseños confeccionados e deseñados por ela mesma.

Festa da Alegría

O día 30 de Maio participamos na "Festa da Alegría" do Calvario, levada a cabo na rúa peonil do Calvario (Vigo) e organizada pola Rede Social de Galicia Sur e a Asociación de Veciños do Calvario en defensa dos dereitos humanos, o medio ambiente e a xustiza social celebrando do Día do Comercio Xusto.

No noso stand contamos coa colaboración da Asociación de Senegaleses de Vigo onde as mulleres senegalesas levaron os seus produtos de artesanía e a roupa elaborada por Khadidja Diop con telas africanas. Tamén levamos os doces típicos de Marrocos elaborados por Najat Elmounadil, cómpre sinalar a boa iniciativa xa que posibilitou que se empregou o espazo público para poñer de manifesto toda a riqueza e diversidade cultural, así como outra forma de consumir.

Denuncia Social e Incidencia Política

Sobrevivir non é delito

O 18 de marzo sumámonos á manifestación organizada pola Asociación África Universal e a comunidade senegalesa na Coruña para berrar alto e claro que á morte de Mame Mbaye Ndiaye foi foi froito do racismo institucional. Mame era compañeiro manteiro que morreu tras unha persecución policial no barrio de Lavapiés (Madrid). A súa morte froito das políticas de persecución policial que forman parte do racismo institucional existente no noso país, racismo ao que día tras día teñen que facer fronte moitas persoas. Además, os medios de comunicación tacharon a morte do compañeiro de "morte fortuíta". As mortes das persoas migrantes que non lles queda máis saída laboral que vender na rúa non é fortuíta, como tampouco o son as mortes impunes que se afogan no Mediterráneo.

Fotografía: Xosé Abad.

Denegación do acceso á vivenda

Tal é como se citou no apartado de mediación intercultural, o problema de acceso á vivenda e unha traba enorme na cidade de A Coruña. As condicións para poder alugar son case imposibles e atenúanse máis cando se trata dunha persoa migrante /ou racializada e, incluso cumprindo as condicións de aluguer, bastante dificultosas de por si para calquera persoa independentemente da súa nacionalidade, son moitas as ocasións nas que as persoas ven vulnerado o seu dereito a non discriminación, o negárselle o aluguer dunda vivenda pola súa condición de migrante ou persoa racializada.

Un exemplo da discriminación que sofren a veciñanza galega neste senso, foi a denunciada publicamente por Larry Abia, xogador de baloncesto no Leyma Coruña da LEB Oro.



A raíz da noticia en prensa, contatamos co equipo para apoiar na denuncia social e para ofrecer o noso apoio.

Por todo isto, participamos o 26 de Novembro no Trofeo XXII Solidario Teresa Herrera para colaborar por medio dun partido solidario para visibilizar este feito de racismo que exclúe ás persoas do acceso a unha vivenda digna pola cor de pel, e para concienciar sobre esta lacra que exclúe ás persoas dun dereito que é ter unha vivenda digna.

Dereitos das mulleres

As mulleres migrantes sofren unha dobre ou triple discriminación. Polo feito de ser muller, polo feito de ser migrante e en moitas ocasións tamén son discriminadas pola relixión. Esta discriminación as leva a unha situación de gran precariedade, precariedade na que se inclúe a laboral e, en moitas ocasións teñen que aceptar traballos que non están ben remunerados, que non respetan os seus dereitos, que son explotadas laboral e sexualmente. Por iso, dende SOS Racismo Galicia dicimos que NON! queremos consentir que existan cidadás de primeira e de segunda, e berramos que queremos un mundo sen escravitude laboral e sexual.

En base a isto, o día 17 de Xuño na Subdelegación do Goberno de A Coruña participamos na concentración polos dereitos das traballadoras migrantes.

E, por outra parte, o día 29 de Decembro unímonos no museo MARCO de Vigo á Concentración en Solidariedade coas Temporareiras de Huelva tralo arquivo da denuncia das mulleres migrantes que traballan en condicións de explotación laboral e acoso sexual.

Asilo e refuxio

Dende SOS Racismo Galicia queremos rachar as fronteiras e camiñar de cara a sociedades máis xustas onde se teñan en conta os dereitos de todas as persoas. En base a esta temática estivemos presentes en diferentes eventos:

Acampa

Unha das premisas de SOS Racismo Galicia é o traballo en rede. Por dito motivo, no 2018 voltamos a apoiar o movemento de Acampa, así como as as diferentes atividades levadas a cabo. Por segundo ano, esta iniciativa cidadá sen fins de lucro integrada por colectivos sociais, culturais, educativos, veciñais, políticos, sindicais, artísticos, de persoas solidarias, de institucións e empresas con responsabilidade social, que ten como obxetivo a defensa dos dereitos humanos, o Dereito Internacional Humanitario e o Dereito ao Refuxio e á promoción da participación e a implicación.

A Acampada pola Paz tivo lugar nos Xardíns de Mendez Núñez de A Coruña dende o 14 ata o 17 de Xuño. Nestas datas leváronse a cabo charlas, ponencias, concertos, actividades para todas as idades, performances etc. Además da información proporcionada por cada entidade participante na súa tenda de campaña.

Documental Muros

O venres dous de Novembro estivemos no Salón de Actos do Museo de Arte Contemporáneo de Vigo na proxeción do documental Muros, de Pablo Iraburu, onde reflexionamos sobre as fronteiras e as migracións dos seres humanos, que van sucedendo de forma continuada ao longo da historia da humanidade.

"Xornadas sobre países empobrecedores e empobrecidos"

O pasado mes de Marzo, participamos nas xornadas sobre DDHH organizadas pola Asociación Meiga de estudantes de Mediciña da

Universidade de Compostela, facilitando ferramentas para a detección e intervención en casos de discriminación no ámbito sanitario.

"Xornadas resistencias en terra allea"

Co motivo da manifestación do 25 de Novembro, *Día contra as violencias machistas* as compañeiras Anna Diop e Nour Boukrou, participaron nas xornadas antirracistas e decoloniais "Resistencias en Terra Allea" organizadas en Compostela, ca ponencia “Vivencias Migradas” a través das cales visibilizaron os procesos de racismo e xenofobia vividos a través dos procesos migratorios.

Viaxe gastronómico a Marrocos

O 26 de Xullo no restaurante “Lume de Carozo” de Vigo tivemos a sorte de desfrutar dunhas exquisitas delicias marroquinas elaboradas pola compañeira e cociñeira Najat Elmounadilel e Fátima Baati. Esta idea xurdiu a través do grupo de mulleres participantes no proxecto "Mulleres musulmás pola participación social", no que a través deste tipo de actividades, deráse a coñecer o capital humano e profesional dar persoas migrantes residentes en Galiza. A convocatoria foi un éxito e ante a demanda de prazas, moitas persoas quedaron en lista de espera.

Así mesmo, aproveitando a ocasión, realizouse a curtametraxe documental “Najat: Viaxe gastronómico a Marrocos” que podedes visualizar no noso canal de Youtube.

https://www.youtube.com/watch?v=wV5f8j35a5c

Concellaría de Igualdade e Diversidade (A Coruña)

O 22 de novembro do 2018 as compañeiras participantes no proxecto de "Mulleres musulmás en loita contra a Islamofobia" reuníronse coa Concellaría de igualdade e Diversidade para as inquedanzas e necesidades detetadas na cidade como mulleres racializadas, e solicitar medidas políticas públicas fronte ao racismo e a xenofobia.

Transparencia

As contas claras

Unha vez máis presentamos un pequeno resumo dos ingresos e gastos do ano 2018. As achegas económicas máis importantes, por volume, seguen a ser as de administracións e/ou institucións públicas.

Pero queremos así mesmo suliñar a importancia do apoio económico a nivel individual dos socios e socias que mensualmente seguen a colaborar con nós, as achegas puntuais de diferentes persoas en forma de doazóns e colaboración en diferentes actos onde recadamos cartos.

GASTOS ANUAIS: 76.350,51€



INGRESOS ANUAIS: 77.061,55€



Financiadores

UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL
Dirección Xeral de Inclusión Social

Deputación DA CORUÑA

Obra Social "la Caixa"

Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

CORUÑA PRÓXIMA

Mboe Moe Doyle

Porque creemos realmente que a eficacia e eficiencia reside no traballo en rede este ano tecimos lazos con:

integra
Asociación de Vecinos do Calvario
Médicos do Mundo
Juan Soñador A Coruña
Amigos do Brasil em Galicia
ciberRespect cultivando un paisaje digital de respeto
foro de inmigración
vientos
ACAMPA POLA PAZ E O DEREITO A REFUXIO
ijii Diversidades educación | inclusión | igualdade | cidadanía
Federación S.O.S. Racismo
Ecos do Sur